

Os Concellos

FRANCISCO CARBALLO

A información mediática abrumamos: varias as canles e innumerables as porcións. Eu trato de atender canto procede da realidade e da institución eclesial nas que vivo. Interésame a V Asemblea da Aparecida por ser porta aberta ao espírito. Estou atento ás reviravoltas a encamiñar os Concellos. Creo que aí teñen que xurdir carreiros á descuberta de futuro. Gozo coa sorte de Maceda —o meu concello natal—, Vigo, Pontevedra e Marín, nos que están as miñas señas de identidade e nos que rexen BNG e/ou PSOE.

As unidades municipais son a resposta política á modernidade. No Antigo Réxime era a parroquia que servía de espazo económico, social e cultural. Hai concellos rurais que reestruturar: o seu espazo é insuficiente. A comarcalización urxe: a revolución tecnolóxica postula unidades amplas. Como a comarca non nega os concellos, cada un destes debería contar coas parroquias como entidades significativas.

É positivo que rexan concellos PSOE e BNG? Positivo e máis entretido. Se cada un deles o fai en solitario ten de seguir xestións de acordo coa ideoloxía propia. O PSOE como socialdemócrata, o BNG desde o senso de Galiza nación e cara á articulación dunha sociedade igualitaria. E xuntos? Testemuñan a realidade deste país, unha nación que rearticula e unha sociedade desigual, plural e con lóbos cerebrais colonizados.

Mentres a dereita quere asulagar no neoliberalismo salvaxe a Galiza, estas duplas esquerdas conducena aos pastos sociais, democráticos, propios, racionais e solidarios. É algo. Esta cohabitación é escola de convivencia. É testemuño da capacidade de acordar mínimos sensatos e liberadores da asfixia da globalización financeira e belicosa que tantos fieis de José María Aznar-Maiano Raxoi lle ofrecen a esta humanidade doente.

Un goberno de coalición é vacina contra a corrupción. É este un andazo que cabalga mundo adiante na ditaduras e nas democracias da alternancia. Que os electores opten por esta vacina é unha proba da intelixencia galega e de cerebros en liberación de infeccións. ♦

DESTINO: AGALEGA

Viaxe a dúas illas do Océano Índico


M.B.

O nome destas dúas illas do Océano Índico, pertencentes ao arquipélago das Mauricio, púxollo Xoán de Nova, mariño e explorador galego, despois de telas descuberto en 1501.

Din delas que dende o aire semellan un oasis verde no medio do océano Índico. Se a isto se lle suma o atolón de coral que as rodea, a area fina das súas praias e as plantacións de cocoteiros que encabezan as explotacións agrícolas, o tópicos adquire unhas tinturas que converten ás illas Agalega no escenario perfecto para o cine e nun dos mellores destinos de verán para os máis aventureiros.

Contra o que poida parecer, estas dúas illas traspan con moito as fronteiras do Padornelo e emerxen solitarias no medio do océano Índico. As cartas náuticas recollen baixo o nome de Agalega dúas illas localizadas 697 millas ao norte da Mauricio, país ao que pertencen. Os 300 habitantes que poboa estes 70 quilómetros cadrados falan o crioulo mauricio, profesan a relixión católica e viven principalmente das explotación e da exportación de cocos.

Pero, como acabou por colarse 'Agalega' na toponimia mauricia? Son varias as teorías que explican a procedencia do nome actual e todas se remontan á época da conquista dos mares de casteláns e portugueses e do comercio coas Indias. Unha das hipóteses que se baralla é a do navegante portugués Pedro de Mascarenhas que as nomearía así en honor a un dos seus veleiros. Pero a máis estendida apunta directamente ao Xoán de Nova, un mariño e explorador galego que traballou ao servizo da coroa portuguesa. Como se recolle en *Os novos anais de viaxe*, as illas foron descubertas en 1501 polo oursán, cando se topaba á fronte dunha flota de catro barcos e cando afuda o Vello continente non tiña noticias do descubrimento de América. El mesmo bautizouas co nome de Agalega. A descuberta tivo lugar na primeira viaxe do galego tras a súa fuxida a Portugal. O desacordo coa acción centralizadora dos Reis Católicos levaron ao cabaleiro nacido no castelo de Maceda a tomar esta de-



cisión e a pasar a servir así a Xoán II. Pronto comezou, como relata Santiago Prol no libro *Xoán de Nova. En mariño galego ao servizo da coroa de Portugal*, a participar nas descubertas que os portugueses levaron a cabo entre os séculos XV e XVI. Participou ademais nas accións militares no norte de África obtendo o tí-

tulo de alcaide menor de Lisboa.

Nesa primeira viaxe, que fixo parada en Mozambique, Quiloá, Melinde e a India, descubriuse ademais a Illa da Ascensión.

Facer as maletas

Pero para viaxar ás dúas illas mauricias hoxe en día non é ne-

cesario embarcarse nunha daquelas expedicións comerciais con aires de conquista. Tan só é necesario facer unha solicitude a Outer Island Development Corporation de Mauricio, o único organismo que pode organizar viaxes a Agalega. Pode escollerse, iso si, entre ir en barco ou en avión. A páxina oficial do país indica aos interesados que todos os riscos corren a conta dos propios viaxeiros, xa que as compañías non se fan responsábeis no caso de accidente. A viaxe en avión dura ao redor de tres horas, sen apertivo nin seguro.

Unha vez alí é obrigada a visita á capital Vingt Cinq, na illa norte, e a vila de La Fourche, dúas localidades unidas por un camiño coralino e areoso. A illa sur ten tan só unha vila, Sainte Rita, na que se atopa a escola, un posto de policía e un pequeno hospital. Hai ademais dúas igrexas, unha presidida por un crucero.

Os que gosten da rutas e da natureza deben ascender a outeiro de Emerz, o punto máis alto da illa norte. Alí habita a lagarta agalega, incluída na lista CITES de especies protexidas.

Nas illas non hai rede de auga corrente. A auga potábel cóllese da chuva, a través dun sistema de canálons, e a que se emprega para outros usos procede de pozos. Dispoñen de servizo de saúde, composto por un médico e unha parteira, e unha vez ao longo do ano reciben a visita dun maxistrado. ♦

Os portugueses puxéronlle Carajos

Tamén a Mauricio pertence o banco Cargados Carajos, un grupo de ao redor de vinte illas e illotes que se estenden polo arrecife situado no Océano Índico e que tamén son coñecidas como San Brandón. As elevacións forman parte das Illas Mascareñas e son administradas dende Port Luís. Aínda que estas illas de orixe volcánica xa eran coñecidas polos árabes, foron bautizadas

en 1506 por navegantes portugueses, que as empregaron como un punto de aprovisionamento nas súas viaxes á India. As illas convertéronse en protectorado francés en 1722 e pasaron a mans inglesas en 1810.

As illas e illotes de Cargados Carajo suman unha poboación de 800 persoas, entre nativos e traballadores estacionais. Os cocoteiros son unha fonte de riqueza en moitas des-

tas terras ao igual que a exportación de azucre e o turismo.

No pasado Cargado Carajos foi empregado como refuxio de piratas. Na actualidade as illas son refuxio de tartarugas, que fan as postas de ovos na area aproveitando a reducida poboación das illas. Mauricio está a traballar na proposta de establecer dúas reservas mariñas neste arrecife de coral. ♦